



# CCOO INFORMA N.º14

## AXUDAS PARA ESTADÍAS EN BALNEARIOS DA COMUNIDADE

### Quen pode beneficiarse?

As persoas que reúnan os seguintes requisitos ao remate do prazo de presentación de solicitudes:

- Ser maior de 60 anos ou maior de 55 coa condición de pensionista do sistema da Seguridade Social.
- Estar empadroada e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Valerse por si mesma para as actividades da vida diaria e participar no programa.
- Non padecer alteracións do comportamento que podan afectar á normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.
- Acadar a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.
- Deben cumprir cos requisitos e obrigas sinalados na Lei de subvencións de Galicia.

A persoa solicitante poderá participar acompañada das seguintes persoas:

- Polo seu ou a súa cónxuxe ou, se fose o caso, a parella de feito ou persoa coa que teña unha unión estable e de convivencia con análoga relación á conxugal, sempre que cumpra os requisitos, excepto o sinalado na letra a).
- Por un fillo ou filla que teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, non necesite apoio de terceira persoa, se desprace con autonomía, comparta o cuarto coas persoas proxenitoras solicitantes e cumpra os requisitos, agás o da letra a).
- Por unha persoa coa que desexe participar no programa que cumpra todos os requisitos.

### En qué consiste a axuda?

Convócanse axudas para o pago de 1.204 estadías en balnearios que se levarán a cabo en diferentes quendas e balnearios que se establecen na orde de convocatoria.

As quendas teñen unha duración de 10 días, con nove noites cada unha e comprenderán desde as doce horas da mañá do día de chegada ata as doce horas da mañá do día de saída.

O desenvolvemento destas quendas terá lugar durante o período comprendido entre o 22 de outubro e o 31 de decembro do ano 2023

### Qué servizos e prestacións se inclúen?

- A estadía inclúe:
  - Aloxamento e manutención en réxime de pensión completa e en cuartos dobres, de uso compartido, ou no caso de existir dispoñibilidade en cuartos individuais.
  - Tratamentos termais que comprenderán: recoñecemento médico ao ingresar para a prescrición do tratamento, tratamento prescrito, seguimento médico, actividades de animación sociocultural e póliza colectiva de seguro turístico.
- As persoas solicitantes que estean interesadas en aloxarse en habitación individual, no caso de que houbera dispoñibilidade, teranse que facer cargo da diferenza entre o prezo aboado e o prezo total desa habitación.

- As persoas solicitantes que precisen dalgún tipo de apoio ou dieta especial terano que indicar no momento de presentar a solicitude e acreditarlo ao incorporarse á quenda.
- As persoas solicitantes que estean interesadas en participar nas excursións ou actividades con custo adicional que organice o establecemento balneario, non incluídas, terano que facer polos seus propios medios e ao seu cargo.
- O desprazamento desde o domicilio ata o establecemento balneario, así coma o de regreso será por conta das persoas solicitantes, sen prexuízo de que se podan acoller ás facilidades para o transporte que ofertara o establecemento balneario, se fose o caso.

### **Prezo das estadias nas prazas e importe da axuda**

O prezo que se pagará por cada persoa beneficiaria, por estadia na praza do establecemento balneario e quenda adxudicada é o seguinte:

- Balnearios con establecementos hoteleiros de 4 ou tres estrelas: 377,89 €.
- Balnearios con establecementos hoteleiros de 2 ou unha estrela: 349,89 €.
- Balnearios con outro tipo de aloxamentos: 269,17 €.

O importe é un prezo pechado para todos os servizos incluídos, sen que proceda efectuar ningunha dedución se por calquera causa imputable á persoa beneficiaria do programa, esta non goza da totalidade dos servizos.

A Consellería de Política Social e Xuventude contribuirá ao financiamento do custo das estadias, cunha achega por praza, polos importes seguintes (que aboará directamente ao establecemento, sendo por conta da persoa beneficiaria o resto do importe, consonte cos prezos dos contratos formalizados cos establecementos):

- Balnearios con establecementos hoteleiros de 4 ou tres estrelas: 229,93 €.
- Balnearios con establecementos hoteleiros de 2 ou unha estrela: 227,20 €.
- Balnearios con outro tipo de aloxamentos: 219,29 €.

### **Solicitudes e prazo de presentación**

As solicitudes presentaranse preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do 19 de setembro.

### **Máis información**

DOG Núm. 177 Luns, 18 de setembro de 2023

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDEORDE do 14 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de estadias en prazas de establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do programa Benestar en balnearios e axudas para o ano 2023, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS607A)

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230918/AnuncioG0657-140923-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230918/AnuncioG0657-140923-0001_gl.pdf)